

SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE ABRIL DE 2.011

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día 29 de abril de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2010 E 25 DE FEBREIRO DE 2011.

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 30 de decembro de 2010 e 25 de febreiro de 2011.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta das seguintes modificacións:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA RÚSTICA Nº 11

OUTEIRO DE REI

NOME: PORCIÓN DE PARCELA Nº 449 do polígono 57 do catastro de rústica. “*Roza da Casula*”.

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza demanial

Prescripción: Servizo municipal de abastecemento de auga.

SITUACIÓN:

Parroquia: Martul

Lindeiros:

Norte: camiño público e finca matriz.

Leste: parcela 136.

Sur: finca matriz.

Oeste: parcela 10033.

Sobre dita finca atópanse os depósitos municipais de auga potable.

SUPERFICIE: 3.794 m².

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: expropiación forzosa, acordada pola Xunta de Goberno Local de data de 30/7/2010, para a execución do proxecto de obra “*construcción de un depósito de cabecera de 2000m³ en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei*”.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non consta.

VIAL Nº 40

LU P-3906 (de Bonxe a Rozas), p.k. 0 ao p.k. 1.450

NOME:

Tramo cedido da LU P-3906 (de Bonxe a Rozas), p.k. 0 ao p.k. 1+450

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: Bonxe

Núcleo/lugar: antiga estrada provincial de Bonxe a Rozas, coincidente co final do recinto da prisión de Bonxe e correspondendo ao punto de intersección coa vía municipal da Veiga por Monte Vello a LU-115.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en bituminosa.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Acta de cesión de data de 23 de febreiro de 2011, entre o Secreario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, o Presidente da Deputación Provincial de Lugo e o Alcalde de Outeiro de Rei.

VIAL Nº 41

LU P-3906 de Ramil por Martul á LU P-2905 (As Carballeiras-Vilalvite),
p.k. 0 ao p.k. 1+080

NOME:

Tramo da antiga estrada LU P-3906 de Ramil por Martul á LU P-2905 (As Carballeiras-Vilalvite), p.k. 0 ao p.k. 1+080.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Núcleo/lugar: antiga estrada provincial de LU P-3906 de Ramil por Martul á LU P-2905 (As Carballeiras-Vilalvite).

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en bituminosa.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Acta de cesión de data de 23 de febreiro de 2011, entre o Secreario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, o Presidente da Deputación Provincial de Lugo e o Alcalde de Outeiro de Rei.

PORCIÓN VIAL Nº 120

FOLGUEIRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FOLGUEIRA – FOLGUEIRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FOLGUEIRA

Núcleo/lugar: FOLGUEIRA

Lindeiros: Norte, finca matriz; Sur, camiño; Este, remata en punta entre camiño e a parcela 2 de Manuel Fompedriña Iglesias e polo Oeste, a parcela 3 Jesus Barreiro López, por onde este terreo ten un peche propio de parede.

SUPERFICIE: 223,71 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 7 de marzo de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 10876, Folio 147, Tomo 1144, Libro 98.

PORCIÓN VIAL Nº 121

OUTEIRO DE REI

NOME: PORCIÓN VIAL EN OUTEIRO DE REI – OUTEIRO DE REI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: OUTEIRO DE REI

Lindeiros: Norte, de Julio Buide e outro; ao Este finca matriz; Sur e Oeste, camiños públicos.

SUPERFICIE: 48 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 14 de abril de 2.011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca10539, Folio13, Tomo 1123, Libro 92.

No xurdindo debate, sométese a votación a proposta de modificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta de modificación resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- APROBACIÓN DE MODELOS DE DECLARACIÓN DE BENS, DEREITOS E INTERESES

O sr. Alcalde expón as seguintes propostas de resolución:

PROPOSTA DE MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS DE DEREITOS

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, propoño ao Pleno da Corporación, en consonantes co artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o modelo de declaración de bens e dereitos patrimoniais a inscribir no Rexistro de Intereses dos membros da Corporación que figura no Anexo ao presente documento.

- Fixar como medio de publicidade o taboleiro de edictos da páxina web institucional, ubicado na dirección electrónica <http://www.outeiroderei.org>. O documento deberá estar disponible en pdf.

- Fixar un período mínimo de dispoñibilidade na citada dirección electrónica de un mes, a contar dende o día posterior a expiración do mandato así coma da toma de posesión dos membros da corporación.

En Outeiro de Rei, a 25 de abril de 2011

O Alcalde

Asdo.: José Pardo Lombao

ANEXO

REXISTRO PÚBLICO DE INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

D., con DNI nº, membro da corporación municipal do Concello de Outeiro de Rei, proclamado pola Xunta Electoral de Zoa de Lugo con data de de xuño de 20..., en cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, suscribo a presente:

DECLARACIÓN DE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS

DEREITOS REAIS SOBRE BENS DE NATUREZA INMOBLE

- Referencia catastral:, natureza do dereito:....., valor catastral do inmovible:
- Referencia catastral:, natureza do dereito:....., valor catastral do inmovible:
- Referencia catastral:, natureza do dereito:....., valor catastral do inmovible:
- Referencia catastral:, natureza do dereito:....., valor catastral do inmovible:

ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS EN PERSOAS XURÍDICAS

Nome ou razón social: CIF nº

Número de accións ou participacións totais da sociedade.....

Número de accións ou participacións de titularidade do declarante:.....

Empresas participadas por ésta última:

OUTROS BENS E DEREITOS NON FUNXIBLES

ÚLTIMA LIQUIDACIÓN SOBOR O IMPOSTO SOBOR A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS, PATRIMONIO E, NO SEU CASO, SOCIEDADES.

- Imposto de

Exercicio

Base liquidable:.....

- Imposto de

Exercicio

Base liquidable:

En Outeiro de Rei, a de de 201..

O declarante

Asdo.:

PROPOSTA DE MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS DE INTERESES

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, propoño ao Pleno da Corporación, en consonantes co artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o modelo de declaración de intereses a inscribir no Rexistro de Intereses dos membros da Corporación que figura no Anexo ao presente documento.

- Fixar como medio de publicidade o taboleiro de edictos da páxina web institucional, ubicado na dirección electrónica <http://www.outeiroderei.org>. O documento deberá estar disponible en pdf.

- Fixar un período mínimo de dispoñibilidade na citada dirección electrónica de un mes, a contar dende o día posterior a expiración do mandato así coma da toma de posesión dos membros da corporación.

En Outeiro de Rei, a 25 de abril de 2011

O Alcalde

Asdo.: José Pardo Lombao

ANEXO

REXISTRO PÚBLICO DE INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

D., con DNI nº, membro da corporación municipal do Concello de Outeiro de Rei, proclamado pola Xunta Electoral de Zoa de

Lugo con data de de xuño de 2011, en cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, suscribo a presente:

DECLARACIÓN DE INTERESES

CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE

ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU PODAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

En Outeiro de Rei, a de de 201..

O declarante

Asdo.:

No xurdindo debate, sométense a votación as propostas transcritas.

Realizada a votación, as propostas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

4.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal socialista con data de 28 de abril de 2011 e número de rexistro 1542, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- ¿Visto a cantidade de erros que se producen ao colocar as sinais no Concello, Pode explicar o Sr. Alcalde que documentación e información se sigue, para a colocación das devanditas sinais ?.

2.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde que criterios se seguen, cando existe terra sobrannte con motivo do arranxo de camiños para repartila entre a xente que a precisa?. ¿Pode explicar a onde foi parar a maior parte da terra sobrannte, que se sacou na parroquia de Cela ?

3.- *¿ Pode explicar quen se está a facer cargo, economicamente do alumado público en todas as Urbanizacións de Guillar ?”.*

O sr. Alcalde dí coñecer poucos erros, e os que poida haber poden deberse ao feito de que os planos do proxecto están a unha escala 1/5000 e iso sempre pode dar lugar a que as sinais se coloquen un pouco máis acó ou aló. Non obstante, cando se remanten de colocar se comprobará se os nomes e a ubicación son correctos e, de advertir algún erro se correxirá.

De feito, para a sinalización do lindes parroquiais falouse cos veciños, xa que non había ningún plano preciso dos lindes parroquiais. Pero se algún veciño ou concelleiro observa algunha inexactitude solicitamos que nolo transmita para correxila.

Respecto da terra sobrante das obras de arranxo de camiños, informa que, cando é o Concello quen contrata a obra o contratista ten a obriga de retirar o material sobrante e lávalo a vertedoiro. Neses casos, se algún veciño a necesita, o que acontece dacotío é que a pide ao contratista e este lla dá ou a vende, porque así se aforra o transporte e o depósito no vertedoiro.

E se contrata a Xunta supón que sucederá o mesmo.

Por último, resposta que en tódalas urbanizacións o alumado público é de titularidade municipal e éste quen asume o custe do seu funcionamento.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego con data de 29 de abril de 2011 e número de rexistro 1557, do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN E DULCE NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O día 10 de Novembro de 2010 este Concello inicia un expediente de investigación dun tramo de terreo que discurre polo linde das parcelas 33,32,30,31,44,45,46,47,48 e 49 e polo linde norte das parcelas 126,,21, 22, 20, 1, 2, 3, 4 e 5 do polígono 12 do catastro de rústica de este concello. Co fin de aclarar si o citado terreo é camiño público ou servidume de paso.

Na resolución de este expediente dise que na cartografía castastral elaborada pola Dirección Xeral do Catastro, dito tramo de camiño non aparece reflectido como tal. Unha parte importante da resolución do citado expediente, basase na declaración de 9 vecinos que aportan probas documentais.

Por todo isto presentamos as seguintes.

PREGUNTAS:

1. Cantos de istos veciños presentan probas documentais donde veña reflexado que as suas fncas lindan con camiño público?

2. Cantos de estos veciños renunciaron documentalmente o posible uso e propiedade do terreo afectado polo que pasa o camiño e admitiron a calificación de público que plantea o Concello.?

3. Cantos veciños manifestaron que este camiño era unha servidume de paso?''.

O sr. Alcalde resposta que se trata do camiño que leva da carretera de Folgueira-Matela a carretera de Folgueira-Vilela, que é frecuentado por persoas e vehículos, que nunca foi reparado polo Concello e que un camiño que recorda e coñece ben porque reside cerca.

Asegura que na tramitación do expediente persoáronse uns veciños que afirmaban que se trata dun camiño público e outros que aseguran que é unha servidume. Non obstante, en tanto o Concello está para defender os intereses públicos, resolveu á vista da totalidade dos antecedentes obtidos na tramitación do expediente.

E o que non pode ser é quedarse de brazos cruzados á vista de que un veciño quere pechar o camiño ou facelo máis estreito.

Insiste en que se tramitou correctamente o expediente e que se notificou aos vecinos colindantes co tramo de camiño que non figura no catastro. Tamén é certo que existe oposición por parte de unhas persoas moi concretas e interesadas (quenes queren pechar o camiño) e que plantexaron un contencioso contra a resolución do expediente. Pero iso non fará que o Concello deixe de defender os intereses xerais que ten encomendados.

Por outra banda, informa que ninguén ten que renunciar a ningún tipo de propiedade, xa que se o camiño existe é que non era de propiedade de ningún veciño, senón do Concello. Outra cousa é que as escrituras reflexaran correctamente ou non dito camiño, xa que todos coñecemos cómo se fan as descripcións dos lindes nas escrituras, e recorda que, de non haber camiño, ás parcelas que non dan á estrada non terían acceso a via pública e non serían edificables, polo que se lles irrogaría un gran perxuicio.

E remata afirmando que os veciños acudiron a presentar o seu testimonio exclusivamente en base á notificación do expediente, e sen que se falase con ningún. Pero en todo caso insiste en que basta con ir por alí e transitar polo camiño para comprobar que se trata dun camiño público, xa que é un camiño que vai dunha carretera a outra e que é transitado, polo menos, dende hai corenta anos. E se na xurisdicción correspondente se declara que é privado, pois o Concello, como é lóxico, asumirá que é privado.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, levanto a presente acta co bisto bó do sr. Alcalde.

O Secretario

VºBº; O Alcalde